

Tres formas de achegarse a unha crise moito máis fonda do que unha falta puntual de efectivo nas entidades de creto. Unha crise que afecta aos valores, sempre cuestionables, de conduta social. A ética do traballo e do respecto polos/as que traballan, polos dereitos fundamentais dos pobos a xestionárense de xeito autónomo, da separación dos intereses económicos dos intereses xerais e unha longa lista que se abre paso entre as páxinas desta outra crise, *A crise irreductible*.

A escrita que describe tres épocas distintas. Unha primeira, aló polo ano 2004, *Un agora que non quer saír*. A verdade, nunca absoluta, sobre un país que creamos como unha cincenta marcada por unha feromonía que a corrompe, sempre dende a inocencia dos máis novos, integrada aínda nunha matriz coa que o tempo, nós mesmos a fomos arroupando. Unha cobertura que leva o noso mesmo ADN, aportándolle os nosos mesmos defectos con nome de *sempreadeus*. A eterna renuncia dun pobo *sen estela propia*.

A mediados dun 2008 convulso, buscando unha maneira de expresar a dor por uns acontecementos que superaban toda a racionalidade e coherencia política da presuposta esquerda galega, xorde dun conflito laboral o *Síndrome de Estocolmo*, a segunda parte d'*A crise*. Outro tipo de renuncia, desta volta, a toda unha clase. As relacións imposibles como atrainte dun magnetismo insospeitado entre traballador e empresario. Un cambio de visión, por parte do primeiro, *recalcitrante, máis burgués que a propia burguesía, menos fillo de labrego que o máis asfáltico urbanita*. Un traballador que adopta os canons de comportamento daquel que o mantén debaixo dun sempre *hipotético* xugo. *Da miña cornamenta roma/ sobresa e o teu xugo/ alicerce que noutrora nutrira as miñas virtudes*.

Os comezos deste ano 2009, deron pé ao que eu mesmo considerei unha culminación. As palabras saían das xemas dos meus dedos, evitando a autocensura, para chegar máis alá, para finalizar co traballo comezado anos atrás. Xorde *A crise irreductible*, última das partes desta *crise*, e fracción que lle dá nome ao libro. Nela, recóllese un compendio de todo o antedito, mais sen o intimismo propio doutras épocas, para recuncar na crise, nesa crise de anos que nos detivo no tempo, na involución subxacente ás nosas propias decisións como pobo, como traballadores e traballadoras, inmersos nunha globalización que serve de escusa para a eterna derrota, *cun desexo asumido de ser como a xente*.